



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS
E MOBILIDADE

APARCADOIROS DISUASORIOS PARA O FOMENTO DO
VEHÍCULO COMPARTIDO ASOCIADOS Á IMPLANTACIÓN
DE ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS NAS CIDADES GALEGAS
VG-4.3, AG-41 E PO-305.

27.09.2022

Proxecto de Trazado

Clave: PO/22/117.06

1 Obxecto da Actuación

As obras incluídas neste proxecto teñen por obxecto a execución de tres aparcadoiros disuasorios, ubicados en Vilagarcía (VG-4.3), Ribadumia (AG-41) e Caldas de Reis (PO-305), co obxecto de captar aqueles usuarios que realizan desprazamentos de media distancia, de modo que poidan estacionar o seu vehículo na zona de aparcadoiro que será tamen punto de encontro para compartir vehículo entre varios usuarios que realicen o mesmo traxecto e así contribuir á mobilidade segura e sostible e á diminución de emisións de gases contaminantes.

3 Descrición da Actuación

Aparcadoiro disuasorio en Vilagarcía: Executarase nun recheo xa existente e adxacente á glorieta de enlace da VG-4.3 coa N-640 no lugar de Coruxo. Destinado principalmente aos viaxes entre a zona do Salnés e a área metropolitana de Pontevedra pero tamen estará conectado coa liña de autobús que vai ao centro de Vilagarcía. Terá unha capacidade de 59 prazas (9 delas en liña e o resto en batería), dúas destas prazas estarán reservadas para persoas con mobilidade reducida (PMR) e haberá 2 puntos de recarga para vehículos eléctricos situados na zona central do aparcadoiro, disporá ademáis dunha franxa perimetral interior adxacente ás prazas para os itinerarios peonís e carrís de circulación de sentido único.

Aparcadoiro disuasorio en Ribadumia: Situado na entorna do enlace da AG-41 coa VG-4.2 en Barrantes, captará vehículos en orixe e destino a Pontevedra, Vigo ou Santiago de Compostela.

Proxectanse 77 prazas dispostas todas en batería con 2 PMRs e 3 puntos de recarga para vehículos eléctricos. Contará con carrís de circulación interior dun so sentido e unha banda perimetral de itinerario peonil, dotarase ademáis de beirarrúas toda a fronte afectada polo novo aparcadoiro da estrada titularidade da Deputación de Pontevedra.

Aparcadoiro disuasorio en Caldas de Reis: Desenvólvese en varias fincas rústicas adxacentes á glorieta de enlace da N-640 coa PO-305 e nas inmediacións do acceso 110 á AP-9, no núcleo de Saiar en Caldas de Reis.

Con capacidade para 72 vehículos dispostos en batería, 2 PMRs e 3 puntos de recarga.

O carril interior será de sentido único e de 4,20 m de ancho, disporá de unha banda central verde e unha banda perimetral para itinerario peonil.

Como complemento a esta actuación executarase o acondicionamento do camiño de acceso dende a glorieta, e unha senda pola marxe esquerda deste mesmo acceso e na prolongación polo borde dereito da PO-305.

4 Características técnicas

Superficie construída:

Vilagarcía: 1.950 m²

Ribadumia: 2.815 m²

Caldas de Reis: de 2.100 m²

Sección tipo

- Aparcadoiro: variable (en batería 2,50 x 5,00 m, agás as PMRs que serán de 4,00 x 5,00 m e en liña serán de 2,25 de ancho x 5,00 m de lonxitude.

- Viais interiores: de sentido único cun ancho de 3,00 m en Vilagarcía e de 4,20 m en Ribadumia e Caldas de Reis

- Zona peonil :a ambos lados dos viais de ancho variable (1,50 -1,80 m)

Firmes e pavimentos:

- Prazas de aparcadoiros e itinerarios peonís en Vilagarcía e Ribadumia: pavimento de formigón HF-4.0 de 20 cm de espesor con acabado esparavelado sobre 20 cm saburra, mentras que en Caldas de Reis sobre unha capa de 30 cm de saburra, aplicarase un leito de area de 3 cm e por último unha capa de formigón de 10 cm.

- Carrís interiores : pavimento de formigón HF-4.0 con acabado esparavelado sobre unha capa de 20 cm de saburra.

5 Poboación servida

Vilagarcía de Arousa

37.545 hab.

Ribadumia

5.157 hab

Caldas de Reis 9.788 hab.

TOTAL 52.490 hab.

6 Concellos Afectados

Vilagarcía de Arousa, Ribadumia e Caldas de Reis

7 Expropiacións

Parcelas afectadas 6

Superficie expropiada: 8.094 m² (3.763 en Ribadumia, 96 en Vilagarcía e 4.235 en Caldas de Reis)

Orzamento Total Expropiacións 90.997,24 €

8 Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DOCE (12) meses.

19 Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (máis 21% IVE)

1.575.769,63 €

Orzamento Total Expropiacións

90.997,24 €

Orzamento para Coñecemento da Administración

1.666.766,87 €

10 Orzamentos por concellos e estradas

Concello

Estrada

OCA

%

Vilagarcía de Arousa

VG-4.3

509.631,58 €

32,34

Ribadumia

AG-41

431.476,52 €

27,38

Caldas de Reis

PO-305

524.516,62 €

33,29

